



ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 17 DE DECEMBRO 2022.

Acta n.º 1

ASISTENTES

PRESIDENTA DA F.G.M.
Maestu Almeida, Josefina

ÁRBITROS

Freixeiro López, Xose Lois
Leirós Gutiérrez, Raúl
Rodríguez Carracedo, Joel
Seoane Álvarez, Miguel

DEPORTISTAS ALTO NIVEL

Xoel García Maestu

DEPORTISTAS

Bernárdez Martínez, Miguel
Böck Villalba, Alfonso (voto delegado en Carlos González Iglesias)
Carril Comesaña, Roberto
Dorado Vieitez, Miguel
Fernández Fernández, Ana María
Fernández Rey, Fernando
Fernández Saborido, Anxo Manuel
García Domínguez, Blanca
Lages Vidal, Helga
López de Guereño, Elvira Vereá
Salgueiro Gesteira, Francisco (voto delegado en Xoel García Maestu)
Vázquez Fariña, Gustavo

TÉCNICOS

Aradas Mariñas, Javier
Pérez Araújo, David
Rodríguez Pequeño, Ignacio
Vázquez Fariña, María del Pilar (voto delegado en Carlos González Iglesias)

CLUBES

AD Os Corzos de Ortegal
Agrupación de Montaña Bestarruza
Asociación de Escaladores Ourensáns
Avanzadillas do Senderismo
Aviva Sport Club
Club ADT La Pedrosa
Club Alpino Ourensán
Club Atletismo Sada
Club Castro Trail Team
Club de Escalada Azimut
Club de Montaña Airiños

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Verónica Bugliot Fernández
Miguel Seoane Álvarez (voto delegado)
Carlos González Iglesias (voto delegado)
Javier Aradas Mariñas (voto delegado)
Roberto Carril Comesaña (voto delegado)
Manuel Oliveira Fernández
Mar Pallás Valleros
Felipe López Pérez
Roberto Carril Comesaña (voto delegado)
Cristóbal Pérez Pérez (voto delegado)
Isidro Castro Soto





Club de Montaña O Carroucho
Club de Montaña Ribeira Sacra
Club de Montaña Xesteiras
Club de Montaña Xistra
Club de Sendeirismo Trabandainas
Club Montañeiros Celtas
Club Nosas Rutiñas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Rutas a Pie
GMTA & Chuvoners
Grupo de Montaña Alud
Indoor Club de Escalada
Sección de Montaña CAR Marisqueiro
Sociedad de Montaña Ártabros
Vértice Club de Montaña

Jaime Antonio Paz Loureiro
Xosé Antón Vázquez Pérez
Tono Abal Nartallo
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Pilar Santamaría Calo
Carmen Pérez Orge
José Carlos Rodríguez
Xosé Luis Faro Fortes
Augusto Blanco
Pilar Costas Freire
Gustavo Vázquez Fariña (voto delegado)
José Ramón Couto García
Miguel Bernárdez Martínez (voto delegado)
Marta Trueba Gayol (voto delegado)
Verónica Bugliot Fernández (voto delegado)

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Pérez Prego, José Manuel
González Iglesias, Carlos
Trueba Gayol, Marta
Martínez Silveira, Luís Clodomiro
Gil Pazo, Xosé Francisco

Director Técnico da F.G.M.
Vicepresidente
Tesoreira da FGM
Vogal de Carreiras por Montaña
Vogal de Marcha Nórdica

Orde do día

- 1º.- Apertura da asemblea
- 2º.- Lectura e aprobación, se procede, das dúas actas anteriores.
- 3º.- Aprobación do importe das licenzas federativas da FGM para o vindeiro ano 2023.
- 4º.- Rogos e preguntas

1º.- Apertura da asemblea.

En segunda convocatoria, ás 12:36 h, a Presidenta Dona Josefina Maestu Almeida dá comezo á reunión presentando ás persoas que a acompañan na mesa, Javier Aradas Mariñas á súa esquerda, vogal de seguridade e sendeiros, e Anxo Manuel Fernández Saborido, secretario da FGM.

Ao mesmo tempo pide desculpas aos asistentes polo cambio de hora da asemblea e por estar nun espazo tan reducido para o número de asistentes. Explica a presidenta que varios erros administrativos fixeron que teñamos que estar nesta situación, algo que espera que non se repita no futuro.

Don Xosé Henrique Freixeiro Cameselle pide a palabra para interpor unha cuestión de orde sobre a delegación de voto na asemblea. Explica que na FGM nunca se permitiu a delegación e considera que o carrexo de votos non é o máis democrático engadindo que nos estatutos da FGM nada se indica sobre esta cuestión e que, en base a outras normas que cita, Lei do Deporte de Galicia, as fontes do Dereito, a LOREG, non se debería consentir, pois crearía un mal precedente, podería ser contraproducente e ir en contra da historia da federación.

A Presidenta toma a palabra para responder que, sabedores desta cuestión, solicitouse con anterioridade un informe xurídico ao respecto, informe que se incorpora como documental a maiores desta acta (Anexo 1), na que se indica que, ao non constar nada en relación a este tema nos estatutos e ao non prohibirse noutras normas que poden e deben considerarse supletorias, debe admitirse a delegación de voto para participar con pleno dereito nesta asemblea.

O señor Freixeiro Cameselle agradece a información e indica que se fará a reclamación oportuna.





2º.- Lectura e aprobación, se procede, das dúas actas anteriores.

O secretario, Don Anxo M. Fez. Saborido, indica que as actas xa se remitiron previamente por correo electrónico e, se ninguén ten nada en contrario, non se lerán e pasarase a votar a súa aprobación.

Don Gustavo Vázquez Fariña Indica, en relación á acta do día 4 de xuño que hai que engadir no parágrafo sexto do punto segundo a mención “exclusivamente”, sobre as modificacións que poida indicar a Secretaría Xeral para o deporte, aludindo a que non se poderían facer outras modificacións que non sexas indicadas pola entidade da Xunta.

Acórdase: aprobar as dúas actas co voto afirmativo de todos os asistentes, salvo as abstencións das seguintes persoas e entidades por non ser membros da AX naquel momento:

Club Alpino Ourensán	Club Atletismo Sada	Club Montaña Xesteiras
David Pérez Araújo	Javier Aradas Mariñas	Club de Montaña Airiños
Os Corzos de Ortegál	Joel Rodríguez Carracedo	Club de Montaña O Carroucho
Club ADT La Pedrosa	Club Avanzadillas do Sendeirismo	Miguel Bernárdez Martínez
Xoel García Maestu	Club Rutas a pie	Club de Sendeirismo Trabandainas
Anxo M. Fdez. Saborido		

3º.- Aprobación do importe das licenzas federativas da FGM para o vindeiro ano 2023.

A presidenta Dona Josefina Maestu Almeida indica que leva desde agosto solicitando orzamentos a diferentes compañías aseguradoras e comenta que houbo moitas que rexeitaron asegurar á FGM:

AXA SEGUROS	FIDELIDADE SEGUROS	AIG SEGUROS
ZURICH SEGUROS	CASER SEGUROS	REALE SEGUROS
PLUS ULTRA SEGUROS	FIATC SEGUROS	GENERALI SEGUROS

A presidenta indica que ao non constar informe de sinistralidade, e só escasos datos sesgados, enviados polo actual medidor da póliza, Alkora, algo que difire atendendo á proposta realizada por este mediador de Mapfre para o vindeiro ano e os datos recibidos por correo electrónico. Así é moi difícil que as entidades aseguradoras oferten unha póliza á FGM. Continúa a presidenta comentando que os prezos que se estiveron pagando no 2021 tiveron un incremento do prezo da licenza e que o contrato entre a FGM e a compañía aseguradora indicaba que a póliza renovárase automaticamente dándose unha serie de circunstancias, basicamente relacionadas coa sinistralidade. Así, remata esta primeira intervención indicando que se non houberse unha alta sinistralidade, como nos Alkora, o seguro renovárase automaticamente e esta asemblea nada podería dicir ao respecto, asumindo un incremento da prima dun 3%.

A Presidenta procede agora, con apoio audiovisual, a presentar as ofertas acadadas, recalando de novo que existiron moitas dificultades ao non contar con informe de sinistralidade. Dáse conta das prestacións das diferentes ofertas e cos prezos de cada unha das opcións.

Na asemblea débátese o tema, interesándose os asistentes nas consecuencias de ter complementos como BTT ou Snow, que poderían ter repercusións negativas nas pólizas dos asegurados de montaña. Se sería interesante a futuro eliminalos ou non.

Don David Araújo, logo da exposición da presidenta, pregunta á asemblea se é consciente de que se aprobara un





acordo plurianual coa compañía de seguros, comentando os presentes que non se coñecía este punto e que sería algo negativo, pois non permitiría negociacións con outras compañías e que obrigaría a asumir incrementos sen posibilidade de buscar alternativas.

Sobre esta cuestión, Dona Josefina Maestu indica que remitiu unha comunicación á entidade aseguradora comunicando a decisión da FGM de non renovar a actual póliza desistindo do contrato, en base ás condicións de renovación do contrato:

“Las partes acuerdan una renovación conjunta automática para las pólizas de Federaciones de Montaña cuyo vencimiento es 31 de diciembre y para la anualidad 31-12-2022 a 31-12-2023 conforme a las siguientes condiciones:
- *Cuando la siniestralidad incurrida en el periodo del conjunto de pólizas de montaña tenga un ratio inferior al 70%, se renovará en las mismas condiciones económicas.*
- *Cuando la siniestralidad incurrida en el periodo del conjunto de pólizas de montaña tenga un ratio entre el 71% y el 84% se renovará con un incremento del 3%.*
- *Con una siniestralidad superior al 85% no aplicará la cláusula de renovación automática.*
- *La revisión de primas netas aplicables a esta cláusula para la anualidad 31-12-2022/31-12-2023 se llevará a cabo a cierre de septiembre de 2022.”*

Ademais, logo do debate sobre os suplementos da póliza, Dona Josefina Maestu pregunta se continuamos con eles, ou non.

Acórdase por unanimidade continuar cos suplementos para o ano 2023.

Fernando Fernández Rey di que se podería falar coa aseguradora para baixar os prezos das licencias infantil e xuvenil, algo do que a presidenta toma nota para intentalo, agradecendo o comentario.

Continúa a presidenta debullando as diferentes coberturas, engadindo que tamén teremos unha póliza de inclusión social, para federados e federadas con diversidade, ao ser un propósito que debe ter esta federación de posibilitar o acceso federado á montaña a toda a cidadanía que o desexe.

Tamén indica que estamos en conversas coa Xunta para ofertar un seguro gratuíto aos nenos e nenas de 6 a 16 anos, para a práctica deportiva con monitor deportivo, para unha escola deportiva. É algo que igual non afecta a todos os integrantes da FGM, pero pode interesar a algúns, e que, como indica Dona Josefina Maestu, é un dereito para as nenas e nenos galegos.

Remata este apartado que, se a asemblea está de acordo, a FGM cobraría 8 € por este trámite.

Antes de votar, o señor Freixeiro Cameselle pregunta que pasaría se, a posteriori, algún neno ou nena decidise federarse, indicando que neste caso descontaríase da cota federativa os oito euros xa pagados.

A Asemblea acorda intentar acollerse a este seguro da Xunta e tramitar esta modalidade aseguradora por 8€, dándolle vía libre á xunta directiva para iniciar os trámites oportunos. Todos os votos son favorables, excepto as seguintes abstencións:

Club Celtas	Club de Sendeirismo Trabandainas	Nacho Pequeno
Ana María Fernández Fernández	Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	Xosé Lois Freixeiro
Club de Montaña Xistra		

Agora, considerando que xa se debatiu en abundancia sobre as diferentes propostas das compañías aseguradoras en relación ao prezo da licenza do 2023, procedemos a votar as seguintes tres propostas:

Mapfre	0 votos
--------	---------





Helvetia	0 votos
Allianz	Todos os votos a favor

Acórdase por unanimidade que se solicite á Compañía de Seguros Allianz a posibilidade de reducir a parte do seguro da licenza federativa das licenzas infantís e xuvenís. De non ser así, que se manteña a cláusula da anterior póliza de MAPFRE: Los federados en modalidade infantiles y juveniles que en el momento de la emisión de la licencia acrediten tener un padre o una madre federados en la Federación, obtendrán un descuento del 50% en el precio del seguro.

A continuación, a presidenta fala das posibilidades de redondeo das primas de cada opción na licenza, que poden redondearse á alza ou á baixa.

Acórdase por unanimidade redondear todo á alza, excepto as primas infantil e xuvenil.

Tamén se acorda por unanimidade manter o desglose do prezo da licenza, seguro, FGM e FEDME.

A continuación, Javier Aradas comenta que segundo as indicacións da FEDME a tarxeta física desaparece, que só contaremos con licenza dixital, a través da APP Paso a Paso, como xa están outras federacións. Indica que houbo queixas dalgúns federados e hai posibilidade de solicitar certa cantidade de tarxetas plásticas á FEDME, ou mesmo asumir desde a FGM asumir este custo, aínda que é algo elevado, sobre un euro por tarxeta.

Así, logo de debater a cuestión, acórdase:

- 1º.- Imprimir e asumir o custo das tarxetas federativas exclusivamente autonómicas.
- 2º.- Eliminar a tarxeta plástica e que se algún federado a desexa, terá que asumir o seu custo.

Toma agora a palabra a Presidenta para aludir á póliza de responsabilidade civil da FGM, algo que se renovará coa actual compañía, Adartia. Ademais, Dona Josefina indica que todos os clubs da FGM poden ter cobertura de responsabilidade civil con este seguro, previa solicitude, para as súas actividades.

A xunta directiva indica que se difundirá esta información entre os clubs dando conta do procedemento e documentos precisos para acceder a esta cobertura.

4º.- Rogos e preguntas.

Fernando Fernández Rey pregunta que fará a FGM sobre os refuxios a nivel nacional. A presidenta indica que en febreiro haberá unha reunión da FEDME e a opinión que terá a federación será a mellor para os federados e federadas, aínda que o ideal sería chegar a un acordo entre todas as partes para poder facer uso destes refuxios.

Por último, Don David Araújo pregunta se podería ser posible facer as reunións telemáticas, indicando a presidenta que en canto se poida, pois é preciso modificar os estatutos da federación e crear un regulamento das asembleas, farase así.

Sen nada máis que tratar, remata a reunión ás 15:35 h.

Asinado,
O secretario xeral da FGM
Anxo Manuel Fernández Saborido

Visto e prace
A presidenta da FGM
Josefina Maestu Almeida

